

A FACULTADE DE CIENCIAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ACOLLE HOXE UNHA MESA INFORMATIVA SOBRE DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

Profesionais da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estarán o luns 16 de marzo na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña atendendo unha mesa informativa sobre a doazón de medula ósea. Estudantes e docentes poderán achegarse para coñecer e resolver dúbidas sobre a doazón de medula ósea para o que a Axencia é centro de referencia para a tipaxe destes doantes.

Esta iniciativa forma parte dun amplo programa informativo que a ADOS desenvolve nesta segunda fase da campaña de doazón en centros educativos de toda Galicia.

Así mesmo, unha unidade móbil da ADOS estará estacionada na parada de bus diante da Facultade de Ciencias os días 16 e 17 de marzo en horario das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas para recoller a solidariedade de todos os estudantes universitarios que desexen doar sangue.